

AS MIRADAS DE ISAAC. UN ACHEGAMENTO Á INABARCABLE FIGURA DE DÍAZ PARDO

AS MIRADAS DE ISAAC. AN APPROACH TO THE IMMEASURABLE FIGURE OF DÍAZ PARDO

Agar Ledo Arias 

Museo Nacional Centro de Arte Reina Sofía, España

Nome da exposición:

As miradas de Isaac

Comisariado:

Camilo Díaz Arias de Castro e Xosé Díaz Arias de Castro

Produción:

Cidade da Cultura, Xunta de Galicia, coa colaboración de Afundación

Lugar e datas:

Cidade da Cultura, Santiago de Compostela|6 de novembro de 2020 – 30 de maio de 2021; Afundación, A Coruña|29 de xuño – 28 de agosto de 2021; Afundación, Vigo|23 de setembro – 27 de novembro de 2021.

A exposición *As miradas de Isaac* é un responsable achegamento á inabarcable figura de Isaac Díaz Pardo (Santiago de Compostela, 1920-2012) no centenario do seu nacemento. A revisión entretece a biografía e a obra do autor a partir de nós históricos marcados por acontecementos cruciais na súa vida: o temporán apoio á república durante a campaña polo Estatuto de Autonomía de Galicia; o asasinato do pai, Camilo Díaz Baliño, paseado e fusilado polos fascistas; a invención do Laboratorio de Formas de Galicia, e o afastamento obrigado do seu proxecto de vida, Sargadelos, pouco antes da súa morte. A mostra reconece a inmensidade dunha das figuras fundamentais para entender a cultura galega da segunda metade do século XX.

Comisariada polos irmáns Camilo e Xosé Díaz Arias de Castro, fillos de Díaz Pardo, a investigación artículase en dez capítulos centrados nas variadas facetas que Isaac Díaz Pardo desenvolveu ao longo da súa vida. Foron pensados, cada un destes, xunto con investigadoras e investigadores especialistas: Iria-Friné Rivera Vázquez revisa o influxo do pai, referencia fundamental na vida e obra do autor; Rosario Sarmiento Escalona investiga a faceta como artista plástico; Ramón Villares atende á relación que Díaz Pardo mantivo co exilio; Teresa Pena Moreda e Fernando Arribas Arias estudan o vínculo entre arte e a industria no pensamento e traxectoria do intelectual; Andrés Varela Martínez conta a recuperación da memoria a través de institucións como o Seminario de Estudos Galegos; Daniel Beiras García-Sabell pescuda a filosofía do Laboratorio de Formas e a aplicación desta no deseño e na arquitectura do autor, e Carmela Montero García desvela a historia do Museo Carlos Maside. Todas e todos eles, xunto a Francisco Díaz-Fierros Viqueira, Xosé Ramón Fandiño,

Charo Portela e Esperanza Mariño, comparten as achegas na publicación compilatoria editada con motivo da efeméride; libro-catálogo que vén a completar a bibliografía existente –aínda aberta– sobre quen foi unha das figuras máis complexas da cultura e artes galegas recentes. Se ben nos últimos anos se incrementaron os estudos sobre as súas aportacións ao pensamento galeguista e á restitución da memoria histórica a través da arte e da industria, sempre haberá espazo para historiar e interpretar a inmensa documentación que explica as reviravoltas do Laboratorio de Formas de Galicia, a institución ideada por Díaz Pardo e Luís Seoane durante os seus encontros en Buenos Aires. O Laboratorio recupera as liñas de pensamento da Xeración Nós e do Seminario de Estudos Galegos para articular, dende unha dimensión ética e experimental, todo o programa industrial e estético das “Industrias da memoria”, nas que se inscribe a recuperación de Sargadelos, o Museo Carlos Maside, o Laboratorio Xeolóxico de Laxe, a editorial Edicións do Castro, o Instituto Galego de Información, etc.

Vista da exposición *As miradas de Isaac*, Cidade da Cultura de Galicia, 2020. Autor da fotografía: Xosé Díaz.



PENSAR EN FRAGMENTOS

A mostra entende cada apartado como unha desas pólas das árbores que deseñaba Díaz Pardo para explicar graficamente as ramificacións de cada idea; ramas que medran infinitamente. A metáfora arbórea sírvenos para explicar a importancia que neste proxecto curatorial posúe a extensión virtual dirixida pola investigadora María América Díaz, que fai accesible un inxente arquivo con centos de fotografías, vídeos e documentos históricos, moitos deles inéditos. A partir da documentación –unha das grandes achegas da exposición son os materiais que os comisarios

recuperan do arquivo familiar–, a exposición cartografía ese complexo *dispositivo* que tiña como obxectivo principal a reactivación da memoria de Galicia a través das formas. Así, *As miradas de Isaac* propón a fragmentación en capítulos –o pensar en detalles que defendía Walter Benjamin, fronte ao pensar en xeneralidades– para comprender a complexidade tanto das propostas como dos tempos, pois a actividade dos protagonistas desta historia hai que entendela sempre en relación coa circunstancia histórica que lles tocou vivir e coa idea de país expandido coa que Luís Seoane se refería á súa terra: “Galicia abarca, dende hai séculos, ata os lugares onde os galegos emigran colectivamente”. Dende a cidade de Buenos Aires, onde na década de 1950 coincidira a forza do exilio procedente de Galicia, Seoane e Díaz Pardo imaxinaron colectivamente a reinvención do país.

Fotografía da pintada feita por Díaz Pardo na Praza do Obradoiro para apoiar o Estatuto de autonomía de Galicia, 1936. Autor: Isaac Díaz Pardo / Cortesía: Legado Díaz Pardo.



Vista da exposición *As miradas de Isaac*, Cidade da Cultura de Galicia, 2020. Autor da fotografía: Xosé Díaz.



A voz do propio Díaz Pardo funciona como peza vertebradora dos diversos capítulos da mostra, nunha peza audiovisual e sonora que xunta una selección de entrevistas para reconstruír a un Díaz Pardo lúcido e comprometido, condición derivada da honestidade que manifestou en vida e que reflectiría a súa obra. Recuperada por Cecilia Díaz, neta do intelectual, esa narración en primeira persoa acompáñanos dende o arranque da exposición, espazo dedicado a Camilio Díaz Baliño, escenógrafo e deseñador gráfico, pai de Díaz Pardo e figura fundamental na educación artística e no compromiso político do fillo. Precisamente é na adolescencia, e baixo o influxo das ideas que circulaban no círculo familiar, onde a exposición sitúa o espertar público da actitude artística de Díaz Pardo, cunha serie de cartaces para a campaña a favor do Estatuto de autonomía de Galicia e unha pintada no lousado da Praza do Obradoiro, intervención plástica que resume o compromiso político e a visión avanzada e utópica que mantería nas artes o resto da súa traxectoria. Meses despois da intervención no Obradoiro, a vida virou en traxedia cando os falanxistas mataron a Díaz Baliño, quen, na cadea e preocupado polo futuro do fillo, escribiralle: “Prendinlle na cabeza do meu fillo, unha estreliña / forxada na irmandá / e quero ver brillar á lús d’esa estreliña / hasta chegar cegar (...)”. Díaz Pardo asumiu a responsabilidade de manter viva a memoria dos vencidos ante o que chamaba o “anxo desmemorizador”¹, compromiso que nutriu a súa pintura, o deseño, a escrita, as empresas.

Fragmento a fragmento, *As miradas de Isaac* atende ao inconmensurable legado do autor. É, precisamente, a vontade integral a que singulariza esta exposición respecto de outras achegas que o revisan de xeito máis parcial. Vocación totalizadora pero que asume a imposibilidade de ser definitiva, pois personaxes como Díaz Pardo non se esgotan nunca. Porén, ante a dificultade

de enfrontarse a todos os ángulos do seu particular microcosmos, a exposición utiliza como fíos condutores a teima da recuperación da memoria e a creación do Laboratorio de Formas, quizais os dous feitos que permiten abordar de xeito condensado a súa traxectoria dende que aos vinte e sete anos aparcase a profesión de pintor, a que el chamaba “a pintura de cabalete”, para saír de Madrid e evitar o encargo que en 1947 lle fixera Fernando Álvarez de Sotomayor, daquela director do Prado, de decorar Cuelgamuros, futuro Valle de los Caídos. Trasládase a Galicia e inicia a traxectoria industrial fundando Cerámicas do Castro, onde se involucra nas investigacións sobre a funcionalidade da arte e a unión entre arte e vida que definirán o seu traballo no futuro. Sería, dende entón, dono de si. Alomenos ata que nunha historia de traizóns e usura, nos primeiros anos dous mil viuse desposeído das empresas que creara.

Vista da exposición *As miradas de Isaac*, Cidade da Cultura de Galicia, 2020. Autor da fotografía: Xosé Díaz.



Vista da exposición *As miradas de Isaac*, Cidade da Cultura de Galicia, 2020. Autor da fotografía: Xosé Díaz.



O capítulo da exposición dedicado á pintura, cunha soberbia selección de pezas de grande formato influídas polo clasicismo da posguerra dos anos corenta –*O discurso*, *Os afogados* ou *A barca de Caronte*–, incide nesa denuncia social que reflicte o compromiso ético que guiaría a súa produción plástica e industrial ao abeiro do Laboratorio de Formas (1963). Na exposición dedícanse sendos espazos á reinvención de Sargadelos (1964), á creación de Edicións do Castro (1963) ou á creación do Museo Carlos Maside (1970), que revisa parte do ideario do museo a través de icónicas pezas como as caretas deseñadas por Castelao para a estrea *Os vellos non deben de namorarse* (1941) en Buenos Aires. A excepcional colección do museo, cun valor material e inmaterial que lles outorga a condición de exiliados dos autores –ademais de Castelao, a colección inclúe pezas de Maruja Mallo, Arturo Souto, Francisco Vázquez Díaz (Compostela) ou Seoane– foi obxecto, dende o falecemento de Díaz Pardo, dun abandono progresivo que afectou e afecta a súa integridade. A sociedade civil vén reclamando, amparándose na defensa do patrimonio que recolle a Constitución Española e a Ley de Patrimonio Cultural de Galicia (5/2016, de 4 de maio), a incoación do expediente de declaración como Ben de Interese Cultural tanto do edificio do museo como do seu contido, deteriorado e en serio perigo de perda. A estrela que Camilo Díaz Baliño deixou prendida no seu fillo –“(…) xa te deixo prendida no meu fillo / para sempre endexamais”– aloumea agora nas persoas que loitan para que non se perda máis memoria mantendo vivo o seu legado.

REFERENCIAS

- Díaz, M. A.. *Luís Seoane. Notas ás súas cartas a Díaz Pardo 1957-1979*. Serie Documentos 186. Sada: Edicións do Castro, 2004.
- Fandiño, X. R. *Isaac Díaz Pardo. Memoria do compromiso*. Santiago de Compostela: Concello de Santiago, 2020.

- Ledo Arias, A. "O Museo Carlos Maside. O relato da outra historia." *Grial: revista galega de cultura* 209 (2016): 127-137.
- Real López, I. *El Laboratorio de Formas y las políticas de la memoria. Recuperar las huellas del pasado*, Madrid: Editorial Académica Española, 2018.
- Rivas, M. "O segredo de Isaac." *El País Galicia*, xaneiro 13, 2012. https://elpais.com/diario/2012/01/13/galicia/1326453502_850215.html [Consultado o 19 de outubro de 2021].
- Salgado, D. "Un siglo de Isaac Díaz Pardo, el artista que se negó a pintar Cuelgamuros." *eldiario.es*, agosto 21, 2020. https://www.eldiario.es/galicia/cultura/siglo-isaac-diaz-pardo-artista-nego-pintar-cuelgamuros_1_6176159.html [Consultado o 19 de outubro de 2021].
- VV.AA. *As miradas de Isaac: Centenario de Isaac Díaz Pardo (1920-2020)*. Catálogo de exposición. Santiago de Compostela: Consellería de Cultura, Educación e Universidade, Fundación Cidade da Cultura, 2020.
- VV.AA. *Sargadelos recuperado: O laboratorio de formas 40 anos despois*. Catálogo de exposición. A Coruña: Fundación Luís Seoane, 2008.

Notas

- 1 Fandiño, Xosé Ramón, "Compostela: infancia e mocidade", en VV.AA., *As miradas de Isaac: Centenario de Isaac Díaz Pardo (1920-2020)*, catálogo de exposición, Santiago de Compostela: Consellería de Cultura, Educación e Universidade, Fundación Cidade da Cultura, 2020, p. 52